



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 27 DE DECEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 08:30 horas do día 27 de decembro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 26-12-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

D^a. Susana Garcia Álvarez
D. Óscar Couce Senra
D. Javier Muradás Blanco

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) (informe sobre C e xustificacións de baixas)**

1) Informes sobre a xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas de varios licitadores

Durante a substanciación do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP, os licitadores UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU; HORDESCON, SL; EXTRACO, SA e COPCISA, SA, presentaron xustificación dos valores anormais ou desproporcionados da súa oferta. Estas xustificacións trasladáronse ao enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, elabora un informe relativo as xustificacións presentadas por cada unha das citadas empresas en data 26 de decembro de 2016.

Pola contra, os licitadores DESMACO, S.L.; UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.-FEVISA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU; ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.;



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L; ELSAMEX, S.A.; ESPINA Y DELFIN, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L., non presentaron xustificación dos valores anormais da súa oferta.

Acéptanse os citados informes do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, de data 26 de decembro de 2016, de valoración das xustificacións presentadas polas empresas cuxas ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, e tendo en conta a falta de presentación de xustificación dos valores anormais por parte dos licitadores citados no parágrafo anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda propoñer á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación a) aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440), dos licitadores PROYECTOS Y OBRAS, SAU; HORDESCON, SL; EXTRACO, SA; COPCISA, SA, DESMACO, S.L.; UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.-FEVISA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU; ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.; CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L; ELSAMEX, S.A.; ESPINA Y DELFIN, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos.

2) Informe sobre C e clasificación de ofertas

Entregase o informe do xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, de data 26 de decembro de 2016, de valoración do “SOBRE C: PROPOSICIÓN AVAILABLE MEDIANTE FÓRMULA”, e formulando a clasificación en orde descendente dos licitadores.

A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acepta o citado informe.

3) Informe sobre as alegacións formuladas por CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, ao informe de valoración do sobre B

Entregase o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, de data 26 de decembro de 2016, sobre as alegacións presentadas por CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, ao informe de valoración do sobre B, que se reproduce a continuación:

“A vista da documentación presentada pola empresa Construcciones Fechi S.L.U. en data 20 de decembro de 2016, no que se solicita a revisión e corrección das puntuacións técnicas outorgadas no informe de valoración das ofertas do proceso de referencia de data 16 de decembro de 2016, indicar que o escrito de reclamación do licitador mostra a disconformidade coa avaliación técnica do apartado 7.A.1.b) das FEC do PCAP do proceso de licitación de referencia, dentro dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor: **análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador**, no que o licitador obtivo unha puntuación de 2,80 sobre 7,00 puntos.

Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.b) das FEC, se deberá incluír:

- *O estudo das afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatolóxicos, usos específicos do entorno).*
- *As medidas e propostas que permitan simultanear a obra coas actividades*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

cotiás do contorno. Campamento de obra, desvíos de tráfico e fases de obra.

A avaliación da documentación presentada por cada licitador atopase recollida no segundo bloque de filas da táboa de cada licitador do ANEXO I, do informe citado con anterioridade, indicando para os diferentes apartados a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC as puntuacións obtidas a xuízo de valor do técnico que subscribe, aplicando as regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC, que se transcriben a continuación:

- 1.- *Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada **apartado** ás memorias que desenvolvan cun alto grado de detalle os contidos indicados con análise específico e coa representación gráfica adecuada.*
- 2.- *Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada **apartado** a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos contidos gráficos esixidos en cada apartado.*
- 3.- *Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos **contidos** esixidos no mesmo con escaso desenvolvemento, ou, no caso de que a súa xustificación non se adecúe ao obxecto do apartado a avaliar. Os descontos previstos neste punto e no anterior serán acumulativos, tendo como límite o desconto equivalente a máxima puntuación do criterio a avaliar.*
- 4.- *A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define o presente expediente.*

Indicar que para o análise e valoración das ofertas presentadas dentro do criterio de valoración citado, seguironse escrupulosamente as citadas indicacións das FEC do PCAP, e para a puntuación deste apartado distribuíuse tendo en conta o desenvolvemento detallado dos contidos gráficos esixidos no apartado 7.A.1.b) das FEC e cada un dos contidos recollidos na exposición das FEC, transcritos con anterioridade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

B.1.2.-APARTADO A.1.b) ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN E PROCESOS DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS PARA A OBRA (MÁX. 7 PUNTOS)	CONTIDOS A VALORAR	DESENVOLVEMENTO DETALLADO GRÁFICO
		AFECCIÓNS TRÁFICO
		AFECCIÓNS CLIMATOLÓXICAS
		AFECCIÓNS USOS ENTORNO
		MEDIDAS CAMPAMENTOS DE OBRA
		MEDIDAS DESVÍOS DE TRÁFICO
		MEDIDAS FASES DE OBRA

No escrito de reclamación de Fечи, se mostra disconformidade coa valoración de 3 destes 7 contidos, nos que se lles descontou un 15% da puntuación por cada un de eles. Na memoria presentada polo licitador a información relativa ao citado apartado se encontra entre as páxinas 23 a 39.

DESENVOLVEMENTO DETALLADO GRÁFICO:

No informe de valoración de data 16 de decembro, o técnico que subscribe indicou: *“Non presenta información suficiente que describa gráficamente o ámbito de actuación e as súas características, con fotografías analizadas do ámbito, usos do entorno, afecciós e medidas de tráfico e faseado desta”*. Tendo en conta as indicacións das FEC: *“Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista neste apartado, as memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos contidos gráficos esixidos”*, recolleuse no informe de valoración un desconto do 15% da puntuación máxima por este concepto.

No seu escrito de reclamación o licitador indica que: *“considera que la documentación gráfica es más que suficiente a lo largo de toda la memoria, presentando imágenes y esquemas que describen la solución propuesta, el estado actual de la zona de actuación, el procedimiento de ejecución de diversas actividades, los servicios afectados y aéreos en la zona de obras, el acceso a la zona de obras, la señalización de obra, los desvíos de tráfico, los usos del entorno (instalaciones del Colegio Fogar, recogida de basura, parada de autobús), las instalaciones auxiliares y su ubicación, las fases y la ubicación de las plantas de hormigón, aglomerado y canteras próximas a la zona de actuación”*.

Indicar que no referente ao **ámbito de actuación** non se presentan ningún detalle gráfico, non se presentan fotografías nas que se analice as peculiaridades deste, non se recolle gráficamente por exemplo nin esquema xeral do emplazamento, fotos dos entronques con outras rúas, elementos de mobiliario existente (buzóns, bancos, barandas...) tapas de servizos, tipoloxías de pavimentos...etc.

No referente a **usos do entorno**, se presentan 3 fotografías xenéricas de escasa definición e tamaño onde se intue a fachada do Colexio Labor, unha isla de contenedores e unha marquesina de bus. A información presentada se considera escasa de definición e ademais non se presentan fotografías nin información gráfica de outros usos do entorno moi importantes como por exemplo dos diversos comercios, garaxes, edificios residenciais, Igrexa, ascensor inclinado...etc.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

No referente a **afeccións e medidas de tráfico** a memoria inclúe 3 elementos gráficos: 1) foto aérea con indicación dunha ruta desde Gran Vía ata o ámbito de actuación, 2) un gráfico no que se marcan as rúas para realizar desvíos alternativos no ámbito de actuación e 3) foto dunha pasarela e tipo de vallado. Da información gráfica presentada neste concepto destacar que se considera que non presenta definición xa que: 1) no referente a ruta so se indica gráficamente sentido de circulación de acceso hacia o ámbito de obra pero non de saída, ademáis que soamente se plantexa un único acceso, 2) soamente se indica as rúas contiguas ao ámbito de actuación, nada se indica gráficamente das rutas concretas, direccións nin prioridades desta e 3) se presenta tipoloxía de vallado e pasarela, pero nada se indica gráficamente da ubicación nin disposición destas no ámbito concreto. Ademáis desta falta de definición do presentado na oferta polo reclamante, tamén se bota en falta información gráfica de desvíos e estreitamentos na circulación de peóns, traslado de parada de autobús, desvíos e estreitamentos puntuais de circulación rodada, afeccións a banda de aparcamento... etc

No referente a **faseado da actuación**, a oferta presenta un único esquema gráfico en planta con indicación de dúas fases de actuación, que se considera escaso de definición debido a escala de presentación, xa que non se define gráficamente a separación entre fases.

Polo que se conclúe que de todo o indicado no apartado 7.A.1.b) das FEC que se deberá incluír na memoria, soamente se considera adecuada a información gráfica referente a campamento de obra, e se considera escaso o desenvolvemento gráfico para o ámbito de actuación, usos do entorno, afeccións e medidas de tráfico e faseado da actuación, como xa se recolleu no informe de valoración de data 16 de decembro.

MEDIDAS DESVÍOS DE TRÁFICO:

No informe de valoración de data 16 de decembro o técnico que subscribe indicou: *“Non desenvolve proposta suficiente de desvíos de tráfico peonil e rodado para a execución de obras atendendo as consideracións do entorno, para peóns, vehículos rodados, con especificidade do aparcamento e movementos asociados ao funcionamento diario do Colexio e das paradas de autobús”*. Tendo en conta as indicacións das FEC: *“Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista neste apartado, por cada un dos **contidos** esixidos no mesmo con escaso desenvolvemento”*, recolleuse no informe de valoración un desconto do 15% da puntuación máxima por este concepto.

No seu escrito de reclamación o licitador indica que *“considera que no se ha valorado la información detallada entre las páginas 23 y 26 de la memoria, en las que se describen*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

las afecciones al tráfico rodado y peatonal, así como las medidas y desvíos necesarios para la correcta ejecución de las obras”.

Indicar que a memoria presentada polo licitador fala en primeiro lugar dos accesos a obra, sen indicacións de desvíos de tráfico. Despois se fala de desvíos e fases, dunha maneira xenérica con indicacións do tipo: se manterá en todo momento a circulación de vehículos e de peóns, será necesario traballar con estreitamentos, será necesario eliminar temporalmente os aparcamentos laterais, se realizará o aglomerado en medias calzadas, se permitirá o paso de residentes en todo momento, se vallará o tránsito peonil... etc pero o licitador non desenvolve detalladamente estas afirmacións xenéricas, de como se plantexan os estreitamentos, en que fase se realiza a eliminación do aparcamento e en que condicións, como se executa as medias calzadas con tres carriles de circulación e unha banda de aparcamento...etc. Ademais desta evidente falta de definición no referente a tráfico peonil, rodado e aparcamento descrito na memoria, non se detalla o traslado e funcionamento da parada de autobús e regulación de aparcamentos e carga e descarga no relativo ao Colexio do ámbito de actuación.

Polo que se conclúe que de todo o indicado polo licitador respecto a desvíos de tráfico se considera que presenta falta de desenvolvemento, como xa se recolleu no informe de valoración de data 16 de decembro.

MEDIDAS FASES DE OBRA:

No informe de valoración de data 16 de decembro, o técnico que subscribe indicou: *“Non desenvolve proposta de faseado de obra suficiente e acorde aos diferentes condicionantes anteriores”.* Tendo en conta as indicacións das FEC: *“Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista neste apartado, por cada un dos **contidos** esixidos no mesmo con escaso desenvolvemento”*, recolleuse no informe de valoración un desconto do 15% da puntuación máxima por este concepto.

No seu escrito de reclamación o licitador indica que *“considera que no se ha valorado la información detallada en la página 37 de la memoria, en la cual se especifican y se describen las fases que se llevarán a cabo para la realización de las obras”.*

Indicar que na oferta presentada polo licitador, na páxina 37 se plantexan fases de execución: 1) Execución de redes de servicios, zona de aparcamento e beirarrúas e 2) extendido da capa de rodadura. Nesta descripción do proceso de execución e fases, o licitador presenta evidentes faltas de definición das fases xa que tendo en conta que circulan diariamente pola rúa miles de vehículos e peóns se considera necesario maior definición de entre outros a afección concreta de cada unha das fases no ámbito de actuación e os tramos nos que o licitador indica que se executa o extendido de capa de rodadura. Ademais o licitador inclúe diversas indicacións non acordes a actuación a levar a cabo, xa que a división en dúas fases xenéricas gráficamente non é consonante coa descripción en texto que se fala dun marxe da rúa, despois o outro e despois o aglomerado, polo que non se considera acorde a división en subfases.

Polo que se conclúe que de todo o indicado polo licitador respecto a faseado de obras se considera que presenta falta de desenvolvemento e non é acorde o faseado ao tipo de obra e ámbito de actuación e os seus condicionantes onde se desenrola, como xa se recolleu no informe de valoración de data 16 de decembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

CONCLUSIÓN:

A vista do indicado con anterioridade o técnico que subscribe se ratifica tanto no análise, como na valoración, como na puntuación recollida no informe de valoración das ofertas de data 16 de decembro de 2016 no referente ao apartado 7.A.1.b) das FEC do PCAP do proceso de licitación de referencia, dentro dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor: “análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador”, para a oferta do licitador reclamante Construcciones Fechi S.L.U.

O que se informa aos efectos oportunos”.

A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acepta o citado informe, e acorda “Desestimar as alegacións formuladas por CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, ao informe de valoración do “Sobre B, proposición avaliábel mediante xuízo de valor”, do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, a técnica media de obras públicas, o xefe da oficina de supervisión de proxectos e o xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, de data 16 de decembro de 2016, polas razóns expostas no informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, de data 26 de decembro de 2016”.

2.- Proposta de clasificación

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 27 de decembro de 2017 de “Desestimar as alegacións formuladas por CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, ao informe de valoración do “Sobre B, proposición avaliábel mediante xuízo de valor”, do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, a técnica media de obras públicas, o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xefe da oficina de supervisión de proxectos e o xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, de data 16 de decembro de 2016, polas razóns expostas no informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, de data 26 de decembro de 2016”.

Segundo.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) aos licitadores PROYECTOS Y OBRAS, SAU; HORDESCON, SL; EXTRACO, SA; COPCISA, SA, DESMACO, S.L.; UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.- FEVISA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU; ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.; CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L; ELSAMEX, S.A.; ESPINA Y DELFIN, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	95,46
2	CIVIS GLOBAL, SLU	91,54
3	AVAN INTEGRAL, SL	90,93
4	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,71
5	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	89,99
6	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S L Y CONST. OREGA, S L	87,71
7	O3 SERVICIOS Y CONTRATAS, S L -OGMIOS PROYECTO, S L	87,18
8	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S A	86,25
9	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	85,98
10	NAROM, S.L.	84,69
11	UTE EXCAVACIONES Y CONST. LAUREANO COVELO, S A-ALVAC S A	83,97
12	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A - MARCONSA	83,43
13	UTE ACEVI, SL-MONTAJES J.M. IGLESIAS, S L	82,31
14	ORESA, S L	82,00
15	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	80,75
16	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA.	76,98
17	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L	72,78

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva.
 5. Resgardo da garantía complementaria por importe de 32.140,45 €.

Quinto.- Requirir a citado licitador o aboamento de 654,12 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 08:50 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. David Regades Fernández

D^a. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:57	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A245-EFC2E8-B181AB-6QDRBN-RJ1HDB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		